O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego manifesta a súa preocupación por este asunto e defende que o Concello da Teixeira debe ter un médico ou médica a tempo completo no seu Centro de Saúde sen que se acabe obrigando á poboación a desprazarse para cuestións básicas até Castro Caldelas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza adoptar as medidas necesarias para garantir a cobertura permanente do servizo médico do Concello da Teixeira sen minorar o seu persoal nin o horario de atención e evitando o desprazamento da poboación a outros concellos”

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 18:27:00
Nº Rexistro: 58108
Data envio: 24/10/2019 18:27:00.147

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2019 18:21:54**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2019 18:22:02**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2019 18:22:07**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2019 18:22:15**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 24/10/2019 18:22:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2019 18:22:28**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2019 10:56:07
Nº Rexistro: 57834
Data envio: 18/10/2019 10:56:07.908

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda,** por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez,** ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o se debate na Comisión 4.ª**

Exposición de motivos.

Na última Conferencia de Decanos e Decanas de Ciencias da Educación de todo o Estado propúxose introducir un sistema de acceso á profesión docente (APD) análogo ao MIR. Non é, nin moito menos, a primeira vez que se demanda algo semellante. O Partido Popular e Ciudadanos solicitaron a implantación do MIR docente ao final da lexislatura de Mariano Rajoy. Alfredo Pérez Rubalcaba reivindicouno tamén durante o Goberno de Zapatero.

O MIR docente constaría dunha proba que os aspirantes a profesores terían que realizar ao rematar a carreira e dun par de anos de formación teórico-práctica remunerada.

A raíz da reivindicación feita na Conferencia de Decanos e Decanas, o Goberno da Xunta de Galicia, a través da súa conselleira, propúxose para implantar un programa piloto que permita poñer a proba o sistema do MIR docente na nosa comunidade.

Segundo a decana de Educación da Universidade de Santiago de Compostela,



CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Carmen Fernández Morante, "no caso de Galicia, implantar este sistema de programa piloto de APF por un ano costaría arredor de 30 millóns de euros, sesenta no caso de toda a etapa de formación/acreditación de competencias". No custe estarían incluídos o exame inicial, o contrato en prácticas do profesorado novel, os costes para o desenvolvemento de actividade formativas complementarias nos centros APD –isto é, nos centros nos que se impartirían os cursos de formacións e iniciación á profesión–, un complemento para o profesorado titor dos centros APD e os custes asociados pola dedicación do profesorado universitario que actúe de titor APD.

O MIR docente preséntase sempre como unha proposta aséptica, pero non é, nin moito menos, inocente.

En primeiro lugar, a proposta despraza a responsabilidade dos problemas educativos do Goberno aos profesores e profesoras, aos que acusa de ter un nivel insuficiente. Non obstante, o problema da educación no noso país non é a baixa calidade do profesorado, senón a falta de medios humanos e materiais para atender correctamente as necesidades dos alumnos e alumnas. Cómpre, polo tanto, reivindicar que o que urxe é reverter os recortes educativos perpetrados durante a última década.

En segundo lugar, o MIR docente podería precarizar a situación dos profesores e profesoras, recortando os seus salarios e freando a súa estabilización.

Por todo o exposto, o Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2019 10:56:07
Nº Rexistro: 57834
Data envio: 18/10/2019 10:56:07.908

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Non aplicar o MIR docente en Galicia.

2.- Reverter os recortes educativos perpetrados pola Xunta durante a última década, comezando por contratar aos 2.000 docentes que se perderon entre os anos 2008 e 2019.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Deputada e Vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/10/2019 10:37:43**

**Luca Chao Pérez na data 18/10/2019 10:37:55**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2019 10:56:22
Nº Rexistro: 57835
Data envio: 18/10/2019 10:56:22.439

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

O Instituto Nacional de Estatística (INE) acaba de publicar a enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías de información e comunicación nos fogares para o ano 2019 e a enquisa sobre o uso das TIC e do comercio electrónico nas empresas, nas que se inclúe o uso das TIC por comunidades autónomas.

No caso dos fogares, o dito estudo reflicte que Galicia está á cola das comunidades en habilidades dixitais avanzadas, un 29 % fronte a un 36,1 % para o conxunto do Estado.

No caso das empresas, as que teñen 10 ou máis empregados cuxas sedes sociais están radicadas en Galicia presentan menor intensidade en case todas as variables estudadas con respecto ao conxunto do Estado.

Á vista destes datos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1ª) No prazo de tres meses elabore un estudo sobre as causas que sitúan Galicia na cola das comunidades autónomas en habilidades dixitais avanzadas.

2ª) Unha vez elaborado o estudo, implemente as medidas concluídas co fin de mellorar as habilidades dixitais da poboación galega.

3ª) No prazo de tres meses, elabore un estudo sobre as causas polas que as empresas galegas presentan unha intensidade no uso das TIC en practicamente todas as variables analizadas máis baixa que para o conxunto do Estado.

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2019

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2019 10:56:22
Nº Rexistro: 57835
Data envio: 18/10/2019 10:56:22.439

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/10/2019 18:33:23**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/10/2019 18:33:43**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/10/2019 18:34:02**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2019 11:12:13
Nº Rexistro: 57840
Data envío: 18/10/2019 11:12:13.164

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, Óscar Vilar Chento e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

É de sobra coñecido por todos e todas que unha das características da propiedade da terra en Galicia é a elevada fragmentación. Unha fragmentación que se traduce nun gran número de parcelas como nun gran número de propietarios. Falamos do coñecido minifundismo galego. Un minifundismo que dificulta unha xestión adecuada do territorio, que minora a rendibilidade das explotacións e dificulta, en moitos casos, a súa viabilidade, e, tamén, favorece o abandono das parcelas co conseguinte aumento de biomasa vexetal nos predios o que contribúe a agravar os efectos dos incendios.

O rural galego segue necesitando un pulo para acadar un desenvolvemento eficaz e eficiente. Necesitamos, entre outros, impulsar a nosa calidade de produción agro alimentaria, unha boa mobilidade da terra produtiva para usos agropecuarios e forestais, e, por último, e non por iso menos importante necesitamos un desenvolvemento de máis zonas de pastoreo para as granxas galegas.

A agricultura e gandería son un sector primario fundamental da economía galega, e, así mesmo, a súa xente é a que está a loitar contra o abandono do rural.

Tampouco podemos esquecernos da importancia do noso monte para a vida galega xa que desempeña un tripla funcionalidade no eido social, ambiental e económico, como así estipula a exposición de motivos da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia.

As concentracións parcelarias impulsan, entre outros, o desenvolvemento do sector lácteo, e permiten unha ordenación da superficie agraria e forestal adaptada ás necesidades de cada zona segundo o seu uso.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2019 11:12:13
Nº Rexistro: 57840
Data envío: 18/10/2019 11:12:13.164

En definitiva, un dos moitos factores que condiciona o uso do solo é a existencia ou non de concentracións parcelarias.

Un goberno, verdadeiramente comprometido co rural, tería que haber impulsado estes procesos. Sobre todo, cando a Xunta de Galicia ratificou varias veces durante a presente lexislatura o seu compromiso de promover todas as concentracións pendentes

Así mesmo, a Consellería do Medio Rural, a estas alturas da lexislatura, tería que ter demostrado que unha das súas prioridades era axilizar e finalizar as concentracións parcelarias decretadas e abertas.

Tristemente os feitos demostran todo o contrario, e estes son os datos. A comezos do ano 2016 tiñamos en Galicia 137 concentracións pendentes. agora, segundo o informe anual do Valedor do Pobo (2018), Galicia ten abertas 128; 45 na provincia da Coruña, 14 en Lugo, 31 en Ourense e 38 en Pontevedra.

Os números demostran que o avance é insignificante e pobre. Pasados case que catro anos a Xunta de Galicia tan só axilizou 9 procesos. Seguimos pois nunha excesiva demora na conclusión dos expedientes, exemplos temos varios: concentración parcelaria Gonzar II (no Pino) 19 anos de trámites; concentración parcelaria de Godos (Caldas de Reis) 18 anos de trámites, etc... Ao que hai que sumar, logo despois, a tardanza na toma de posesión dos novos predios e títulos.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Axilizar todos os trámites administrativos vencellados aos procesos de reestruturación e concentración parcelaria.

2º) Dotar, nos presupostos do ano 2020, as partidas necesarias para que as 128 concentracións parcelarias, decretadas e en trámite se rematen antes de que remate esta lexislatura.

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2019

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2019 11:12:13
Nº Rexistro: 57840
Data envío: 18/10/2019 11:12:13.164

**Asinado dixitalmente por:**

**Oscar Vilar Chento na data 18/10/2019 11:08:03**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/10/2019 11:08:12**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2019 11:08:31**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2019 11:34:20
Nº Rexistro: 57847
Data envío: 18/10/2019 11:34:20.453

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda,** por iniciativa da súa deputada **Ánxeles Cuña Bóveda** e do seu deputado **Xan Xosé Xove González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.ª.**

Exposición de motivos

Os datos recollidos na "Enquisa estrutural a Fogares. Coñecemento e uso do galego", elaborada polo Instituto Galego de Estatística, confirman, novamente, o efecto prexudicial que as políticas lingüísticas do Partido Popular tiveron na saúde da nosa lingua. Na última década descendeu, dun xeito dramático, o coñecemento e o uso do galego, sobre todo entre a mocidade.

Na actualidade, usa unicamente o galego ou máis o galego que o castelán o 52,3% da poboación. A porcentaxe está cinco puntos por debaixo que hai una década e case dez puntos por debaixo que hai quince anos.

A gravidade da situación varía en función da franxa de idade que se considere. Case o 75% da poboación maior de 65 anos fala só en galego ou máis en galego que en castelán, pero a porcentaxe descende ata pouco máis do 25% na franxa de idade comprendida entre os 5 e os 14 anos.

Neste sentido, a situación mudou moito durante a década negra do Goberno de Feijóo. Hai dez anos, o 36% da mocidade falaba só en galego ou máis galego que castelán. Quince anos atrás a porcentaxe era aínda maior, do 40,3%.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2019 11:34:20
Nº Rexistro: 57847
Data envio: 18/10/2019 11:34:20.453

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Particularmente grave é o feito de que un de cada catro rapaces (o 24%) afirma que non sabe falar galego ou que o fala bastante mal. A porcentaxe era oito puntos menor hai dez anos.

No que respecta ao uso do galego na escrita, obsérvase un fenómeno curioso. So o 36,2% das persoas que habitualmente falan en galego escriben en galego.

É tamén preocupante o feito de que o uso do galego mingüe en determinados contextos sociais de prestixio. Só o 46,1% dos galegos fala no noso idioma cos seus médicos. Co profesorado, falan en galego o 39,29% dos pais e nais. Nas xestións bancarias, no comercio e no trato coa Administración, o uso do galego tampouco chega ao 50%.

Así as cousas, compréndese que máis do 30% da poboación galega de máis de 16 anos pense que o galego se fala pouco ou nada. Se a isto lle sumamos que só o 17,7% da poboación galega maior de 16 anos ve a televisión sempre en galego ou máis en galego que en castelán; que case o 60% sempre le a prensa en castelán; que o 54% só le libros en castelán; que case o 70% navega pola rede sempre en castelán; e que o castelán é o idioma único do 52% nas redes sociais, compréndese que estamos asistindo a paulatina desgaleguización de Galicia sen que o Goberno da Xunta faga nada para remedialo.

Cómpre que o Goberno mude a súa actitude e aposte pola defensa da identidade galega e, polo tanto, da súa lingua.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2019 11:34:20
Nº Rexistro: 57847
Data envio: 18/10/2019 11:34:20.453

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Derrogar o Decreto do Plurilingüísimo.
- Elaborar unha estratexia de fomento do uso do galego en internet.
- Mellorar a dotación económica das axudas á tradución de libros doutros idiomas ao galego.
- Mellorar a dotación económica das axudas ás producións audiovisuais en galego.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2019.

Asdo: Ánxeles Cuña Bóveda
Xan Xosé Jove González
Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Manuel Lago Peñas
Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/10/2019 11:28:10**

**Xan Xosé Jove González na data 18/10/2019 11:28:21**

**José Manuel Lago Peñas na data 18/10/2019 11:28:30**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 13:48:03
Nº Rexistro: 57887
Data envío: 21/10/2019 13:48:03.428

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda,** por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª**

**Exposición de motivos**

A remodelación da Ponte de Rande e do Corredor do Morrazo son o exemplo, una vez máis, de como o goberno do Partido Popular de Galicia axústase a cumprir a lexislación vixente sen mostrar signos de preocupación por os impactos xa non só medioambientais, senón riscos para a cidadanía que vive nas cercanías ou que transita por este percorrido.

Se ben é certo que se levou a cabo os informes ambientais legalmente esixidos en 2001 e estes foron publicados no estudo informativo da vía de alta capacidade do Morrazo do Diario Oficial de Galicia (DOG Núm. 158), no caso da ampliación da ponte de Rande non se considerou oportuno levala a cabo baixo os parámetros dunha Avaliación de Impacto Ambiental. Isto reflexa unha inaudita despreocupación pola degradación dos ecosistemas que esta obra atravesa; máis aínda tendo en conta o caso comparativo da M-30 de Madrid no que si se procedeu nas súas obras baixo dita Avaliación.

No relativo ao corredor do Morrazo, sumado á destrución da paraxe da Serra do Morrazo, cabe destacar a despreocupación polas consecuencias da ampliación

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

dos carrís novos, dos túneles e dos novos viadutos que, segundo os estudos de diversos especialistas, poden provocar na zona unha alarmante modificación dos patróns de drenaxe nunha entorna de chuvias torrenciais que poderían chegar a xerar inundacións, desprendementos e, en última instancia, accidentes de tráfico.

Ademais, no relativo á Ponte de Rande, é especialmente reprochable a despreocupación polos fondos e fauna mariña, que si a día de hoxe xa está en risco cuantitativa e cualitativamente, coa ampliación ameaza con desaparecer totalmente pola corrosión dos materiais de construción utilizados e as micropartículas provenientes dos cauchos das rodas, que entran na cadea trófica é supón un perigo para os consumidores.

A isto, debemos sumar a posibilidade de extinción de especies animais terrestres pola contaminación acústica provocada polo vento ao chocar contra a ponte, que favorece afeccións ao sistema nervioso e problemas de conciliación do soño en mamíferos, problemáticas ás que por suposto a veciñanza de Rande tamén está exposta.

Finalmente, debemos mencionar a destrución de xacementos arqueolóxicos de carácter prehistórico co fin de construír este vial.

Ante o exposto anteriormente, o Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 13:48:03
Nº Rexistro: 57887
Data envio: 21/10/2019 13:48:03.428

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realizar unha Avaliación de impacto ambiental que analice as consecuencias a curto, medio e longo prazo das obras de remodelación da Ponte de Rande e do Corredor do Morrazo así coma unha análise de riscos e melloras para a seguridade vial neste traxecto.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputado e vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 21/10/2019 13:25:37**

**Antón Sánchez García na data 21/10/2019 13:25:49**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57894
Data envio: 21/10/2019 16:04:42.389

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda,** por iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araújo e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

Exposición de motivos

A demanda de creación en Ourense dun centro público de atención a persoas con diversidade funcional leva anos enriba da mesa grazas á plataforma cidadá pro-CAPD de Ourense. Esta reivindicación foi avalada por máis de 50.000 sinaturas, así como por mocións debatidas e aprobadas por unanimidade en plenos de diversos Concellos da provincia de Ourense e na Deputación. Trátase da única provincia de Galicia que carece dun centro público destas características.

Foron moitas as promesas e os anuncios incumpridos ata o de agora. Xa, no ano 2016, anunciábase por parte da Xunta de Galicia o compromiso da posta en marcha dun CAPD, de carácter totalmente público para dar continuidade a atención ás persoas con discapacidade a partir dos 21 anos da provincia. No ano 2017 a Xunta volvíase comprometer en que a finais do ano 2017 se adxudicaría a lo menos a redacción do proxecto. Pero nada disto se fixo efectivo. De feito, houbo intentos da Xunta de modificar o proxecto inicial reducindo o número de prazas e eliminando a atención terapéutica que finalmente se botaron atrás pola mobilización cidadá. Despois dunha PNL presentada nesta cámara, anunciaron que a licitación das obras acontecería en maio deste ano e que o centro estaría a pleno funcionamento en 2020, prazos que se incumpriron.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Tras todos estes anos de atraso, recentemente anunciábase que se previa que as obras comezaran no primeiro cuatrimestre do ano 2020, e que estarían finalizadas antes de que rematara o ano 2021. Tamén vemos unha ausencia de compromiso nos orzamentos adicados a este centro, insuficientes e na súa execución, practicamente inexistentes. A Xunta xa dispón de terreos para a súa construción pero os prazos estanse a alongar innecesariamente. Ademais, non se tomaron medidas suficientes para resolver a falla de prazas públicas para atención á diversidade funcional na cidade de Ourense coa fin de dar alternativas urxentes ás persoas usuarias e ás familias. Estes retrasos coinciden no tempo co anuncio de creación dun centro privado da Fundación San Rosendo en Baño de Molgas, moi cerca da cidade de Ourense, coas mesmas características.

A Xunta de Galicia comprometeuse nun principio a que este centro fora de xestión pública, pero nas últimas declaracións públicas déixase a porta aberta a posible privatización deste servizo fundamental.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.Garantir que a xestión do futuro centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense sexa totalmente pública, dotándoo de prazas, recursos e de persoal suficiente.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

2. Axilizar a tramitación da licitación, adxudicación e construción do CAPD para poñelo en funcionamento no menor prazo posible.

3. Adoptar as medidas necesarias para solucionar a falla de prazas públicas até a posta en marcha do centro.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo
Ánxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Manuel Lago Peñas
Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 21/10/2019 15:59:14**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/10/2019 15:59:31**

**José Manuel Lago Peñas na data 21/10/2019 15:59:49**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 17:34:36
Nº Rexistro: 57917
Data envio: 21/10/2019 17:34:36.439

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, a través da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Colexio de Educadoras e Educadores sociais de Galicia (CEESG) vén dende hai tempo trasladándonos aos grupos políticos galegos unha serie de reivindicacións que inciden na necesidade de aumentar a presenza e actuación da Educación Social na nosa sociedade.

Entre as lexítimas reivindicacións, atópase a creación da especialidade de persoal de Educación Social dentro da escala de persoal técnico facultativo dos Servizos Sociais, a través da modificación  da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia, ademais da convocatoria de OPE na que se tiveran en conta esta titulación.

Sen embargo, no borrador da convocatoria de Oferta de Emprego Público da Xunta anunciada en outono de 2019, que inclúe 86 prazas na escala de "educadores/as", non se recoñece a titulación "Educación Social", xa que as prazas se convocarían coa denominación de "educador/a", aceptando titulacións distintas á de Educación Social. As persoas coa titulación de Educación Social poden acceder a postos do grupo II, categoría 6 ("Educador/a. Profesor especial"), pero esta categoría non é específica, xa que a ela poden acceder outras titulacións (mestre, psicoloxía, pedagoxía e psicopedagoxía), aínda que se trate de postos para os que se require unha formación específica de educación social. Ademais, habería que crear máis prazas específicas para Educadores/as Sociais.

A aceptación doutras titulacións supón, como sinala o CEESG, "un agravio para as educadoras/es sociais, así como un factor que incide na calidade dos servizos socioeducativos ao non garantir o carácter interdisciplinar que debe caracterizar os equipos profesionais", lembrando, ademais, que son "a día de hoxe, máis de 4000 persoas tituladas en Educación Social en Galicia".

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 17:34:36
Nº Rexistro: 57917
Data envío: 21/10/2019 17:34:36.439

Por Educación Social entendemos un amplo eido de intervención educativa que engloba a educación cívica e política, que busca o desenvolvemento e formación integral da persoa, así como o desenvolvemento e a transformación social. Neste sentido, poderíase definir como unha das principais funcións da Educación Social a inserción do individuo no seu medio, pero entendendo que a finalidade é cambiar ese medio para melloralo, avanzando en integración social.

Hai que destacar que o feito de que a profesión de Educador/a Social adquiriu xa rango universitario en 1991, coa publicación do Real Decreto 1420/1991, logo dunha ampla mobilización social reivindicativa do papel relevante deste perfil profesional en desenvolvemento das políticas sociais e educativas. Sen embargo, aínda quedan moitos eidos nos que non se convocan prazas desta categoría aínda que aborden actividades que lles son propias.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Substituír nas OPE o posto de educador/a polo de educador/a social.

2. Crear a especialidade de persoal de Educación Social dentro da escala de persoal técnico facultativo dos Servizos Sociais, a través da modificación da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia.

3. Regularizar a profesión de Educación Social a través dunha Lei Galega de Educación Social.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 21/10/2019 17:33:41**

**Luis Villares Naveira na data 21/10/2019 17:33:52**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 17:57:51
Nº Rexistro: 57921
Data envío: 21/10/2019 17:57:51.979

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto,** a través da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia adapta dito currículo á LOMCE, establecendo que Relixión católica é a única materia específica cunha carga lectiva dunha hora semanal e que o total de horas que deben sumar as materias específicas de opción e as de libre configuración neste curso é de seis horas semanais, tendo que cursar o alumnado un total de tres. En cambio, Robótica, Antropoloxía ou Coeducación para o século XXI, son materias de libre configuración autonómica que, segundo as Ordes da Xunta que as regulan, teñen unha carga lectiva de dúas horas semanais. Así pois, como sinala a CIG-Ensino, "dado que os centros teñen que ofertar, sempre que teñan matrícula suficiente, todas as materias específicas (que teñen disparidade horaria chegando algunhas a catro horas semanais), calquera estudante que opte por algunha das materiais de libre configuración autonómicas terá que completar obrigatoriamente as seis horas con Relixión católica", porque o alumnado que seleccione materias que sumen cinco horas terá que escoller para completar a única dunha hora, que é Relixión. Esta situación mudaríase cunha regulación de carga horaria diferente das materias de libre configuración autonómica.

No curso 2017-2018, para poder cursar Robótica en Bacharelato, había que optar pola materia de Relixión, situación que tamén se daba co alumnado que escolleu Coeducación para o século XXI nese mesmo curso. Isto foi denunciado pola familia dun alumno afectado, a través da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público, co asesoramento da asesoría xurídica da CIG-Ensino. A fundamentación da denuncia contra este acto de matrícula materializado no curso 2017-2018 baseábase en que "o alumnado con conviccións relixiosas

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

católicas poderá cursar todas as materias do currículo escolar, mentres que o alumnado que queira ver respectadas as súas conviccións verá restrinxida a súa capacidade de elección, dispoñendo dunha oferta curricular menor". Finalmente, o xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Compostela desestimou esta demanda. A conclusión do auto non pode ser máis clara: se non se quere cursar Relixión hai que renunciar á Robótica, o que é, como denuncia a CIG-Ensino, "unha clara discriminación con aquel alumnado, que no Bacharelato é claramente maioría, que non desexan ter clase de Relixión".

No auto atribúese a responsabilidade desta situación exclusivamente á configuración da oferta formativa dos centros educativos, sen ter en conta que a norma que regula o currículo de 1º curso de Bacharelato emana da LOMCE e que a Consellaría de Educación tamén tería potestade para modificar esta cuestión.

A obriga de ter que optar por Relixión como materia para poder elixir materias de libre configuración como Robótica vulnera o dereito fundamental á educación, en relación cos dereitos fundamentais de liberdade ideolóxica e de igualdade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4ª.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Modificar o Decreto 86/2015, do 25 de xuño eliminando a Relixión do currículo educativo na ESO e Bacharelato ou, namentres non se produza, modificando a carga horaria das materias de xeito que o alumnado non se vexa obrigado a ter que cursar Relixión en función das materias que escolla para completar a carga lectiva.

2. Trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de derrogar a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2019.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 17:57:51
Nº Rexistro: 57921
Data envio: 21/10/2019 17:57:51.979

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 21/10/2019 17:56:24**

**Luis Villares Naveira na data 21/10/2019 17:56:34**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 18:13:51
Nº Rexistro: 57929
Data envío: 21/10/2019 18:13:51.188

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Teresa Porritt Lueiro, e do seu deputado-portavoz, Xoaquín Fernández Leiceaga, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, establece na súa disposición adicional primeira:

“Información ao Parlamento:

Un. A Consellería de Facenda facilitará trimestralmente en formato dixital á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento a información referida ás seguintes actuacións:

a) As ampliacións de crédito realizadas para atender o pagamento de obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Comunidade Autónoma.

b) As operacións de endebedamento por un prazo superior a un ano, formalizadas pola Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos, as axencias públicas autonómicas ou as restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, conforme as autorizacións contidas nesta lei.

c) Os avais amortizados, os pagamentos efectuados por falidos, os importes recuperados e o risco acumulado, tanto no que respecta aos avais concedidos pola Comunidade Autónoma como aos concedidos polas entidades instrumentais do sector público autonómico.

d) As autorizacións de revisións de prezos en concertos ou convenios que superen o incremento do índice de prezos ao consumo.

e) A enumeración nominal e individualizada das concesións de subvencións ou axudas autorizadas polo Consello da Xunta de Galicia que se refire o artigo 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Dous. A Consellería de Facenda comunicará á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, nun prazo de trinta días:

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 18:13:51
Nº Rexistro: 57929
Data envío: 21/10/2019 18:13:51.188

a) A realización das adaptacións técnicas dos orzamentos autorizadas consonte o previsto na alínea p) do artigo 5 desta lei.

b) As modificacións efectuadas conforme o indicado no artigo 9.

c) Os orzamentos dos organismos autónomos, das axencias públicas autonómicas, das entidades públicas empresariais e das sociedades mercantís públicas autonómicas que poidan entrar en funcionamento ao longo de 2019.

Tres. A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., ou a entidade que se subrogue na súa posición, comunicará mensualmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento os plans económico-financeiros que subscriba no desenvolvemento da súa actividade."

Xa que a dita disposición adicional non se está a cumprir tal e como establece o propio mandato legal, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a cumprir rigorosamente, en tempo e forma, o establecido na disposición adicional primeira da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 18/10/2019 13:00:31**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2019 13:00:44**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2019 18:24:11
Nº Rexistro: 57931
Data envio: 21/10/2019 18:24:11.177

# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto,** a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As linguas de signos son sistemas de xestos e expresións visuais, empregados polas persoas con discapacidade auditiva e/ou dificultades na fala, así como quen viven e conviven con elas.

A Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva ou xordo-cegas, recoñece oficialmente a lingua de signos española e a catalá, así como o dereito a aprendelas e usalas. Sen embargo, nin a lei estatal nin as leis autonómicas recoñecen oficialmente unha lingua de signos galega.

Para garantir a accesibilidade universal das persoas xordas a todos os servizos públicos, tal como recoñece o artigo 19 da Lei 27/2007, é necesario o aumento do coñecemento das linguas de signos e a extensión de sistemas de interpretación na Administración.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Impulsar o recoñecemento oficial da Lingua Galega de Signos.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Incluír como mérito nos procesos selectivos de persoal da Administración o coñecemento de linguaxes de signos.

3. Garantir o servizo de interpretación de linguas de signos en todos os servizos públicos.

4. Garantir interpretación de linguas de signos nos números de teléfono de emerxencias as 24h todos os días do ano.

5. Impulsar a formación do persoal de emerxencias en linguaxe de signos.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 21/10/2019 18:23:35**

**Luis Villares Naveira na data 21/10/2019 18:23:45**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57933
Data envío: 21/10/2019 18:56:33.783

# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o Censo de Persoas con Discapacidade, en Galiza hai (31/12/2018) 315.676 persoas con discapacidade valorada, o 11,7% da poboación galega, das cales 225.837 teñen un grao do 33% ou superior. Destas, 31.041 teñen recoñecida dificultade de mobilidade para uso de transporte colectivo e 13.613 teñen recoñecida a necesidade de axuda dunha terceira persoa. 33.695 persoas con discapacidade teñen recoñecida tamén a situación de dependencia.

Segundo datos do INE, en 2016, Galiza tiña unha taxa de prevalencia do 6,9% entre a poboación en idade activa, superior á media estatal, pero na media (6,1); sen embargo, a taxa de actividade das persoas con discapacidade era a menor do Estado, cun 27,8%, fronte á media de 35,2%. Así mesmo, a taxa de emprego era tamén inferior á media estatal: 21,2% fronte a 25,1%, sendo menor a taxa de paro, pero elevada (23,6%).

Segundo datos do SEPE, en 2018 a taxa de actividade das persoas con discapacidade en Galiza continúa sendo a menor do Estado, 28,20%, fronte á media estatal do 35,03%. Houbo este ano un incremento de afiliacións á SS das persoas galegas con discapacidade, pero seguen representando só o 1,35% do total da afiliación. Así, en 2018 estaban afiliadas á Seguridade Social 13.460 persoas con discapacidade.

En 2017, case o 80% dos contratos a persoas con discapacidade foron temporais.

Ademais, a nosa CA é das que maior porcentaxe de persoas con discapacidade son paradas de longa duración: 61,38% fronte á media estatal de 54,57%. O total das persoas con discapacidade galegas paradas en 2018 foi de 8.750, un 2,34% máis que en 2017.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57933
Data envío: 21/10/2019 18:56:33.783

O total de contratos a persoas con discapacidade realizados en 2018 no País foron 20.901, o 38,8 % contratos femininos.

Dende 2005, a tendencia é que se reduza a contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria e aumente nos Centros Especiais de Emprego (máis do 70% do conxunto de emprego con discapacidade), con convenio colectivo específico que remunera por debaixo do convenio sectorial correspondente á rama de actividade, na maioría dos casos. Así, as persoas traballadoras dos CEE cobran 36€ de media por día fronte aos 47€ de salario medio/día nunha empresa ordinaria.

A falta de integración laboral é unha das causas da maior taxa de pobreza e exclusión entre as persoas con discapacidade. Os salarios das persoas con diversidade funcional en Galiza son inferiores en 3.542 € a respecto do salario medio bruto (17.338 € vs 20.880 €), DATOS DE 2017. E os datos aínda son máis alarmantes no que respecta ás persoas que teñen algún grado de discapacidade por causa dunha enfermidade mental. Aí, os datos da propia Consellería de Política Social indican que en Galiza hai 29.814 persoas con discapacidade por enfermidade mental das cales menos do 5% teñen emprego estable e que deben loitar contra a discriminación laboral polo alto nivel de estigmatización que existe.

Ademais, a maioría das empresas de máis de 50 traballadores/as, privadas e públicas, non cumpren coa cota de reserva do 2% para persoas con diversidade funcional (RDL 1/2013).

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un informe exhaustivo sobre as condicións laborais das persoas con diversidade funcional en Galiza e publicar os resultados no primeiro semestre de 2020.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57933
Data envio: 21/10/2019 18:56:33.783

2. Impulsar plans integrais de formación profesional e de emprego para a inclusión laboral das persoas con diversidade funcional, con programas específicos de transición do emprego protexido ao réxime ordinario e plans específicos para o emprego feminino e a inclusión laboral das persoas con discapacidade por mor de enfermidade mental.

3. Impulsar medidas de control do cumprimento da cota de reserva do 2% para persoas con diversidade funcional en empresas de máis de 50 traballadores/as e nas administracións públicas, de acordo co RDL 1/2013.

4. Aumentar o control sobre as condicións de traballo nos centros especiais de emprego, con e sen ánimo de lucro.

5. Impulsar, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, a mellora do convenio colectivo dos CEE.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 21/10/2019 18:47:38**

**Luis Villares Naveira na data 21/10/2019 18:47:50**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 10:30:54
Nº Rexistro: 57939
Data envío: 22/10/2019 10:30:54.264

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector do Telemárketing pode definirse pola precariedade permanente, con inestabilidade laboral, xornadas parciais, presión da patronal e salarios de miseria. Trátase dun sector eminentemente feminizado e que agrupa a unhas 10.000 traballadoras e traballadores no noso País, un 75% mulleres e ao redor da metade de menos de 35 anos.

O Convenio Colectivo do Telemárketing é Estatal, vixente ata o 31 de decembro deste ano 2019, con posibilidade de prórroga. En 2019, unha xornada laboral de 39 horas, para os/as teleoperadores/as, supón 13.916,97 € anuais (1.159,75 €/mes tendo en conta as pagas extra). Unha persoa coordinadora, coa mesma xornada, só acada 15.950,67 € anuais. No caso da xornada de 35 horas semanais, son 12.489,59 € anuais para teleoperadoras, e 10.705,36 € no caso de xornada de 30 h. Hai que ter en conta que as xornadas máis habituais son de 32 a 35 horas.

Trátase dun réxime de vida que impide conciliar e pensar en ter unha vida autónoma a moitas persoas, fundamentalmente mulleres mozas, con elevados riscos psicosociais.

Ao longo dos últimos anos, foron numerosos os conflitos laborais en empresas do sector no noso País.

En Atento Coruña, mobilizacións e paros por mor da política da empresa de despedimentos, persecución, acoso, ameazas e sancións. Extel Coruña padece unha situación análoga.

Deslocalización de servizos de Teleperformance Coruña.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 10:30:54
Nº Rexistro: 57939
Data envío: 22/10/2019 10:30:54.264

Derivación de chamadas do centro de Unitono de Ourense a centros fóra do País.

ERE en Bosch Vigo.

Outra das ameazas ao sector é a deslocalización, como a situación que vive agora R Cable e Euskaltel, coa deslocalización dos servizos de provisión e xestión de rede, que ameaza postos de traballo, en atención telefónica, mantemento da Rede e mesmo enxeñería, que, como denuncian as traballadoras e traballadores das subcontratas desta empresa na área da Coruña, pon en risco, só na comarca, uns mil empregos, sen que a Xunta tivese un papel activo de mediación. Neste caso, a situación é dobremente grave, pois trátase dunha empresa apoiada con investimento público, vendida a Euskaltel en 2015. Estamos ante un exemplo de descapitalización do tecido industrial galego e de inacción da Xunta para o desenvolvemento do sector das TIC no País.

A respecto da situación en R Cable e Euskaltel, a Comisión 6ª do Parlamento, na súa sesión do 2 de outubro de 2019, aprobou as seguintes resolucións:

"- Expresar, por resolución, o seu apoio ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores das empresas auxiliares que prestan servizos de operación e mantemento de rede e atención ao cliente de R Cable, para que estes servizos continúen a ser prestados desde territorio galego, garantindo ademais que a atención ao cliente se siga dando en galego.

- Instar ao goberno da Xunta de Galicia a dirixirse a R Cable e Euskaltel para que se senten a negociar coas traballadoras e traballadores afectados e se reverta a situación, e, se estas se negasen, revisar a situación destas empresas como provedoras de servizos para a Xunta de Galicia así como asegurar o dereito dos consumidores a ser atendidos en idioma galego."

Estas peticións constatan a importancia que ten para o emprego a garantía dos dereitos lingüísticos das e dos galegofalantes no eido socioeconómico.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 10:30:54
Nº Rexistro: 57939
Data envio: 22/10/2019 10:30:54.264

Por outra parte, a propia Xunta precariza a situación das traballadoras do Telemárketing ao impulsar pregos de condicións para a licitación de servizos telefónicos da Administración que permiten subcontratacións e mantemento de salarios e xornadas laborais indignas, como vén a demostrar a última licitación do servizo do teléfono 012, de información á cidadanía.

A precariedade no emprego é froito de décadas de políticas antiobreiras, entre as que destacan as últimas contrarreformas laborais. Pero tamén cabe sinalar que a Reforma Laboral de 1994 legalizou as ETTs, caracterizadas pola temporalidade e falta de dereitos, que contribuíron á precarización do traballo, sobre todo entre a mocidade, con altos índices de rotación, contratacións temporais e baixos salarios. En moitos casos, son utilizadas polas empresas de telemárketing.

Por outra parte, a Xunta podería usar a súa condición de cliente estratéxico de empresas como R para presionar a prol do mantemento dos postos de traballo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Considerar o telemárketing un sector estratéxico para a economía galega e constituír unha mesa do sector, con representación patronal e sindical, para acadar acordos que melloren as condicións laborais e salariais e limiten a subcontratación.

2. Establecer mecanismos por parte da Xunta para garantir condicións de traballo dignas e axeitado recoñecemento das categorías profesionais na atención telefónica dos servizos deste tipo que dependen da Administración.

3. Establecer normativamente o dereito das persoas consumidoras e usuarias a seren atendidas en galego polas empresas que prestan servizos ou subministran bens en Galiza, con independencia da situación da súa sede social, establecendo, para os servizos de

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 10:30:54
Nº Rexistro: 57939
Data envío: 22/10/2019 10:30:54.264

atención telefónica, que o tempo máximo de chamada en espera da clientela na opción de galego nunca sexa superior ao disposto para o castelán.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 22/10/2019 10:30:01**

**Luis Villares Naveira na data 22/10/2019 10:30:14**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 12:30:47
Nº Rexistro: 57954
Data envio: 22/10/2019 12:30:47.419

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

Exposición de motivos

A Asociación Párkinson Ferrol atende a persoas con párkinson residentes en Ferrol e comarca. Moitas delas teñen recoñecida a imposibilidade de utilización de transporte público e colectivo, motivada pola súa situación de dependencia e discapacidade, polo que precisan do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (SGAMP), o 065, para acudir ás terapias que se desenvolven na sede da asociación e que resultan esenciais para manter a súa calidade de vida.

A mellora da calidade de vida de toda a poboación, e especialmente das persoas con mobilidade reducida ou calquera outra limitación, así como a salvagarda dos dereitos das citadas persoas, son piares básicos da actuación pública co obxectivo de favorecer e avanzar na autonomía persoal desinstitucionalizada e garantir a non discriminación nunha sociedade plenamente inclusiva. Neste sentido, cómpre sinalar que son varias as disposicións legais que se ditaron co fin de acadar este obxectivo, quedando refundidas no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, e incluíndo, de acordo co principio de transversalidade das políticas en materia de discapacidade,

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 12:30:47
Nº Rexistro: 57954
Data envío: 22/10/2019 12:30:47.419



como ámbito de actuación a promoción da mobilidade destas persoas de xeito que lles permita unha plena participación en igualdade de oportunidade.

Resulta evidente a necesidade deste servizo de transporte adaptado, competencia da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, que pon a disposición das persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia que teñan recoñecida a imposibilidade de utilizar o transporte público colectivo, un transporte axeitado para facilitarlles a súa mobilidade, así como para favorecer o acceso, en condicións de igualdade efectiva, ás persoas con discapacidade e/ou ás persoas en situación de dependencia aos servizos e recursos que faciliten a promoción da súa autonomía persoal así como a súa participación no contorno habitual.

A pesares disto, a realidade é que dende a última licitación do SGAMP, adxudicada o 12 de xaneiro de 2018, estanse a producir incidencias que afectan negativamente ás persoas con párkinson atendidas pola Asociación Párkinson Ferrol:

- Demora na concesión dos traxectos. Hai persoas coa condición recoñecida de usuarias deste servizo que varían a súa residencia durante o verán, precisando soamente do mesmo durante eses meses, e que están a ser postas en lista de agarda, aínda que o tiveron solicitado co mes requirido de antelación, polo que cando finalmente llo conceden, xa están no seu domicilio habitual.

- Descoordinación en horarios. No traxecto do domicilio á entidade, danse situacións de ter deixado á persoa media hora antes do horario de apertura.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Non resultando razoable que persoas doentes teñan que estar media hora de pé, na rúa e soas, á espera de que a asociación abra a porta, a pesares de que a asociación, tal e como lle solicitou quen xestiona o servizo de transporte, xa variou os seus horarios para poder adaptarse aos do servizo. Tampouco se respectan os tempos de saída dos usuarios. Téñense dado situacións de chegar antes da hora acordada.

Estas situacións son resultado da ausencia de medios suficientes, tanto humanos como de transportes, para desenvolver a función que o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal ten que desenvolver, agravándose notablemente nos últimos meses.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Apoiar as reivindicacións da Asociación de Párkinson Ferrol referidas ao dereito a ter un Servizo de Apoio á Mobilidade Persoal de calidade, que cumpra coa finalidade para a que foi creado, de favorecer o acceso, en condicións de igualdade efectiva, ás persoas con discapacidade e/ou ás persoas en situación de dependencia aos servizos e recursos.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

2. Levar adiante todas as medidas necesarias para solucionar as irregularidades que se están a dar no funcionamento do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo
Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.
Manuel Lago Peñas
Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 22/10/2019 12:17:07**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 12:30:47
Nº Rexistro: 57954
Data envio: 22/10/2019 12:30:47.419

GRUPO
COMÚN DA
ESQUERDA

**José Manuel Lago Peñas na data 22/10/2019 12:17:20**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 13:21:57
Nº Rexistro: 57959
Data envio: 22/10/2019 13:21:57.517

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jackeline E. Fernández Macías, Daniel Vega Pérez** e **Rosa Oubiña Solla,** ao abeiro do disposto o artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

**Exposición de motivos**

A prevención de incendios forestais é unha prioridade á vista das posibles alteracións climatolóxicas adversas que desde os distintos ámbitos científicos se prevén (aumento das temperaturas, diminución das precipitacións, incremento de fenómenos con ventos de alta intensidade...).

Moitos concellos, especialmente os máis pequenos, teñen dificultades para o cumprimento adecuado das súas obrigas pola falla de tantos recursos económicos como de persoal. Por iso, o convenio asinado entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga para a adecuada xestión das faixas secundarias, supuxo un impulso importante para os concellos no desenvolvemento das súas funcións en materia de prevención de incendios forestais.

Este convenio evolucionou desde a súa aprobación, incorporando accións tan importantes como a posta en marcha das aldeas modelo (programa que vai máis alá das franxas secundarias).

Desde o Grupo Parlamentario Popular, consideramos de grande interese que se puideran incluír neste convenio, actuacións de aplicación a calquera concello adherido,

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 13:21:57
Nº Rexistro: 57959
Data envio: 22/10/2019 13:21:57.517

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

que permitan levar a cabo accións subsidiarias naqueles casos en que sexa necesario debido ao risco especial, polo situación estratéxica das parcelas ou a efectos exemplarizantes, no seu caso, e que por falla de recursos económicos ou administrativos, os concellos non poidan levar a cabo.

Tendo en conta o anteriormente exposto. O Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a incluír no convenio de xestión de faixas secundarias unha modalidade de actuación para que o sistema público de xestión da biomasa poida realizar como mínimo 5 ha. de actuacións subsidiarias a petición de calquera concello adherido".

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 22/10/2019 13:17:32**

**Moisés Blanco Paradelo na data 22/10/2019 13:17:51**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 22/10/2019 13:18:08**

**Raquel Arias Rodríguez na data 22/10/2019 13:18:17**

**Carlos Gómez Salgado na data 22/10/2019 13:18:32**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 22/10/2019 13:18:44**

**Daniel Vega Pérez na data 22/10/2019 13:18:52**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 13:21:57
Nº Rexistro: 57959
Data envio: 22/10/2019 13:21:57.517

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Rosa Oubiña Solla na data 22/10/2019 13:19:09**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 16:45:59
Nº Rexistro: 57970
Data envío: 22/10/2019 16:45:59.502

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, María del Carmen Rodríguez Dacosta** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

**Exposición de motivos**

O pasado 27 de setembro, a Comisión delegada do Hospital de Verín, persoal facultativo, persoal Sanitario, sindicatos, organizacións políticas e usuarios/as volvéronse a concentrar e manifestar fronte o Hospital de Verín, denunciando de novo o desmantelamento que se está a producir na extinta área sanitaria da comarca de Verín. Tanto no hospital comarcal como en atención primaria. En concreto e entre outros nos servicios de dermatoloxía, pediatría, cirurxía e anestesia.

É un sentir compartido pola poboación de referencia que o Hospital de Verín está a sufrir unha merma clara das prestacións sanitarias. O servicio de Pediatría hospitalaria segue sen estar dotado, a pesares das múltiples denuncias públicas que se levan a facer, sendo cada vez mais palpable a situación de desmantelamento, derivando a cidade de Ourense partos e cesáreas por falta de cobertura de profesionais, o que supón un nulo avance en 30 anos de desenvolvemento do sistema. De feito xa asumiron no seu momento no ano 2017 as gardas pediátricas os dous facultativos pediatras do centro de saúde de Verín, circunstancias que non puideron ser mantidas no tempo e que levaron, primeiro, a unha redución das gardas de maneira progresiva.

O servizo de dermatoloxía tamén sufriu unha merma progresiva da capacidade asistencial, pasando de ter consulta case todos os días a desaparecer no pasado mes de setembro a partir de cando os/as pacientes deben ser derivados a Ourense. No servizo de traumatoloxía pasouse de ter cinco traumatólogos a dous, tendo que desprazar un día semana a un facultativo de Ourense, xerando eternas listas de espera en ambos centros. O servizo de paliativos quedou desmantelado dende 2017, a partir de cando se reduciron profesionais do servizo de medicina interna o

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 16:45:59
Nº Rexistro: 57970
Data envío: 22/10/2019 16:45:59.502

non dar cobertura a xubilación de un profesional. Outros servizos presentan déficits semellantes (cirurxía ou anestesia).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1) Deseñar e implantar un catálogo de servizos mínimos, que determine aqueles servizos de atención hospitalaria que deben ser ofrecidos en todos os centros hospitalarios de Galicia con persoal e recursos propios.

2) Deseñar nos vindeiros seis meses, en colaboración cos representantes dos traballadores e colectivos profesionais implicados, un plan extraordinario de dotación de recursos que permita recuperar progresivamente a oferta de servizos e cumprir o establecido no catálogo de servizos mínimos, de ser desenvolvido este.

3) Comprometer as medidas necesarias para non sufrir a perda de máis profesionais e recursos materiais.

Pazo do Parlamento, 22 de outubro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 22/10/2019 16:42:24**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/10/2019 16:42:34**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/10/2019 16:42:48**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 16:45:59
Nº Rexistro: 57970
Data envío: 22/10/2019 16:45:59.502

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/10/2019 16:42:57**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 17:24:31
Nº Rexistro: 57976
Data envio: 22/10/2019 17:24:31.226

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda,** a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 6.ª,** sobre a situación das vendas da industria galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai tempo que vimos alertando dos datos negativos da industria neste país. Os peches sucédense, pérdense miles de postos de traballo e capacidade produtiva e o drama do desemprego esténdese. Temos sobre a mesa os casos de Alcoa, Isowat, Poligal ou Vulcano, entre outras. Industrias punteiras no noso país moi ameazadas ante a falta dunha política industrial activa.

Unha tendencia corrobora o **Índice Xeral de Produción Industrial (IPI)** do Instituto Nacional de Estatística. Segundo este último dato, a produción baixou en xullo en Galicia un 0,1% en comparación co mesmo mes do ano anterior, o que contrasta coa subida media do 2,9% rexistrada no conxunto do estado. Deste xeito, Galicia **acumula oito meses consecutivos de caídas interanuais**, xa que o último dato positivo data de novembro de 2018. De tal forma, a produción industrial galega descende un 6,2% no que vai de ano, entre xaneiro e xullo, o que supón o segundo maior retroceso entre comunidades, só superado por Baleares (-6,5%). Pola contra, a media no conxunto do estado conta cun repunte do 0,4% neste período.

**Unha senda negativa que tamén acusan as vendas da industria. Segundo vimos de coñecer as vendas de industria galega seguen á baixa en agosto** (-0,3%)

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 17:24:31
Nº Rexistro: 57976
Data envío: 22/10/2019 17:24:31.226



Unha tendencia que padecemos dende o segundo trimestre do ano porque as vendas da industria galega levan sen crecer desde marzo --en xullo situáronse no 0% e o tres meses anteriores en negativo--.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a:

1.- Convocar, de maneira urxente, a mesa de industria.
2.- Elaborar unha diagnose da situación actual da industria galega e das súas perspectivas de evolución no curto e medio prazo, identificando as ramas de actividade con maior potencial de crecemento así como as actividades en situación de risco.
3.- Desenvolver, en diálogo cos axentes sociais, un Plan Industrial para Galicia que recolla, cando menos:

a) O establecemento de obxectivos de crecemento da capacidade produtiva instalada, con medidas de apoio para que a produción industrial galega acade canto antes o obxectivo do 20% do PIB establecido pola Unión Europea para o ano 2020.

b) Unha estratexia de captación de investimento directo, que supoña a ampliación significativa da planta industrial galega.

c) O establecemento de estratexias para a diversificación industrial, que permitan paliar os riscos e aproveitar as oportunidades derivadas da transición enerxética.

d) Un conxunto de medidas para a mellora da produtividade do sector industrial galego, entre as que se incluirá o incremento dos fondos destinados

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

I+D+i con fins industriais.

e) Un conxunto de medidas de apoio á exportación dos produtos industriais galegos.

f) Medidas de apoio á formación específica dos traballadores e traballadoras e de reemprazo xeracional.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Vicevoceira do G.P Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 22/10/2019 16:29:06**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57982
Data envio: 22/10/2019 19:37:53.722

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda, a iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 7.ª**, sobre as medidas para o control da sobre-poboación do xabaril no territorio galego.

Exposición de motivos

Produciuse unha sobrepoboación da masa do xabaril no noso país que xera danos duns 15 millóns de euros anuais no sector agrícola, e que causa xa 2500 accidentes ao ano nos viarios galegos.

A pesar de que os danos causados polos xabarís están cifrados entorno a 15 millóns de euros anuais, as indemnizacións que achega a Xunta de Galicia son de 600.000 euros. Isto quere dicir que máis de 14 millóns están asumidos polo sector agrícola.

A Directora Xeral de Patrimonio Natural Belén do Campo, anunciou o plan de medidas de control do xabaril, que permite a caza sen límites de cupo de ambos sexos no período de caza que abranguerá ata o 29 de febreiro de 2020.

Esta medida abarca a 33 concellos, 76 tecores e 10 zonas libres, é dicir case un 42% da superficie de Galicia.

Esta medida faise acolléndose ao Decreto 284/2001, do 6 de novembro, polo que se aproba o regulamento de caza, no que se fixa a zona de Emerxencia Cinexética temporal.

Permitirase a caza durante todos os días da semana, salvo nas zonas libres nas que se especifican certas salvedades no relativo aos días permitidos: así no

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57982
Data envio: 22/10/2019 19:37:53.722

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

período que abrangue ata o 6 de xaneiro de 2020, poderán realizarse cazarías de xabaril o luns, martes, mércores, venres e sábados, sempre que non sexan festivos; e desde o 7 de xaneiro ao 29 de febreiro de 2020, ambos incluídos, poderán efectuarse cacerías os luns, martes, mércores e venres, sempre que non sexan festivos.

Ante unha medida da excepcionalidade como a referida, con derivadas directas en situación de inseguridade débese ter o máximo escrúpulo por parte das administracións. O máximo escrúpulo en materia de control, tanto para garantir a seguridade da cidadanía, como para determinar a súa efectividade e os límites necesarios para dita situación de excepcionalidade.

Por outra banda, ante unha problemática destas dimensións, é preciso incidir nas causas para evitar situacións a futuro. Polo que se entende prioritario diagnosticar cales son as masas poboacionais do xabaril en Galicia e atender a unha axeitada xestión ambiental dos nosos montes. É necesario promover as capacidades de autoregulación dos ecosistemas a través dunha aposta decidida polo bosque autóctono, pois tal como recoñeceu a propia Directora Xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo, as zonas de maleza son idóneas para unha cría e asentamento descontrolado de xabarís, pois atopan refuxio e, en ocasións, están preto de zonas de produción agrícola ou urbanas o que propicia a súa incursión na procura de alimento.

Por todo isto, o Grupo Común da Esquerda amosa a súa preocupación ante a problemática derivada da sobrepoboación das masas de xabaril, así como polas medidas tomadas pola Xunta de Galicia, polo que presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57982
Data envio: 22/10/2019 19:37:53.722

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

1) Elaborar unha guía técnica de consulta para a búsqueda e diagnose das mellores metodoloxías posibles para o control e regulación das masas poboacionais de xabaril

2) Garantir, por parte do Goberno galego, a existencia de persoal técnico especializado co cometido de regular e controlar as masas poboacionais do xabaril e outras especies.

3) Elaborar un censo da masa poboacional do xabaril.

4) Elaborar un informe do estado dos hábitats naturais do xabaril, así como o estado ambiental dos nosos montes, como elemento de diagnose das causas dos episodios de sobrepoboación do xabaril.

5) Garantir por parte da Xunta de Galicia que os fondos destinados a indemnizar os danos xerados polo xabaril cubran a totalidade dos danos. Así como unha flexibilización dos requisitos temporais para facer a reclamación dos danos causados.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García
Marcos Cal Ogando
Vicevoceiro e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 22/10/2019 19:35:28**

**Marcos Cal Ogando na data 22/10/2019 19:35:43**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 12:35:04
Nº Rexistro: 58007
Data envío: 23/10/2019 12:35:04.019



**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

**Exposición de motivos**

A política de vivenda continua a ser un dos puntos máis febles do Goberno do Sr. Feijoo, e dos máis sangrantes para a cidadanía galega.

As estatísticas e crecente demanda de vivenda pública a prezo asequible medra mes a mes. Exactamente en orde a 140 demandantes novos ó mes, preto de 5 demandantes novos ó día, desde maio do 2018, cun incremento en todos estes meses de practicamente 2.500 demandantes novos, e resultando un total de 14.286 a día de hoxe.

Son varias as vías que se deben traballar para resolver as necesidades destas familias demandantes e unha delas é a mobilización do parque de vivendas baleiras de Galicia. Non só para dar resposta ós colectivos máis vulnerables, senón a toda a sociedade. A falla de oferta de vivendas de aluguer no mercado libre está a dificultar o acceso por prezo e tamén por calidade das mesmas.

Existe reticencia por parte dos posuidores das vivendas para poñelas no mercado en réxime de alugueiro de larga duración. Non se pode pensar que esta decisión que parece terse cronificado e estendido entre moitos propietarios e propietarias ten unha explicación baseada no capricho.

Calquera persoa propietaria desexa unha rendibilidade para a súa vivenda. Porque ter unha vivenda baleira non só significa renunciar a ingresos, senón que conleva gastos de mantemento e polo tanto perda de patrimonio.

Unha das grandes razóns que alegan todas as persoas propietarias para non ofertar a súa vivenda baleira para o alugueiro é a inseguridade xurídica fronte ó impago.

Son varias as comunidades autónomas que xa teñen posto en marcha medidas neste sentido e contemplan axudas para os propietarios de vivendas baleiras co

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 12:35:04
Nº Rexistro: 58007
Data envío: 23/10/2019 12:35:04.019

fin  de cubrir o 100% do importe dun contrato de seguros fronte o impago e fronte a cuestións básicas como danos e posible reparacións por vandalismo, impagos de recibos dos subministros da vivenda, defensa xurídica ou gastos de cerraxería. E contemplan tamén axudas para as obras de acondicionamento desas vivendas que precisen dunha posta a punto.

En Galicia este tipo de medidas contémplanse no Programa de vivendas baleiras, pero as restricións deste programa na súa limitación da renda cun prezo máximo desmotivan a moitas persoas propietarias de vivendas que ou ben pola calidade ou pola superficie da súa vivenda consideran poderían aspirar a rendas superiores ás marcadas, que no mellor dos casos roldaría os 450 € nas principais cidades de Galicia. Un redondeo de prezos que ignora a realidade do mercado real e as diferencias entre zonas nas cidades, sendo as áreas centrais as que máis sofren os incrementos e a perda de vivendas que se destinan ó alugueiro turístico.

Esta realidade é a que anima a moitos deles a incorporar as súas vivendas non tanto ó aluguer de longa duración senón máis ben ó aluguer como vivenda turística, conseguindo rendibilidades maiores en franxas temporais menores, o que favorece a maior dispoñibilidade sobre a vivenda en caso de ter que recuperala para o uso propio ou o dun familiar como residencia habitual.

Polo tanto parece necesario incentivar a mobilización de todas as vivendas baleiras en Galicia e tratar de desprazar o interese das persoas propietarias polo aluguer turístico reducindo  principalmente os riscos que asumen cando ofertan a súa vivenda para o aluguer de longa duración.

Incentivar a maior oferta de vivendas en aluguer de longa duración reducirá de forma natural os prezos medios de aluguer, dará resposta á necesidade de maior oferta de vivenda, e axudará a recuperar o equilibrio coa oferta de vivendas turísticas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver, antes do primeiro trimestre do 2020, un programa específico de axudas para a mobilización de vivendas baleiras para o seu alugamento para todas as vivendas de titularidade privada que tendo unha condición previa demostrada de vivenda baleira se vaian destinar ó alugueiro de longa duración, e que contemplen como mínimo:

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 12:35:04
Nº Rexistro: 58007
Data envío: 23/10/2019 12:35:04.019

- A cobertura, que podería ser total, dun seguro multirrisco que cubra como mínimo o risco de impago das rendas, reparacións por vandalismo ou desperfectos, impagos de recibos dos subministros da vivenda, defensa xurídica ou gastos de cerraxería.
- Axudas económicas limitadas para as obras de posta a punto da vivenda previa a súa posta en aluguer.

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 23/10/2019 12:09:00**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/10/2019 12:09:09**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 23/10/2019 12:09:19**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/10/2019 12:09:35**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda,** por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 5.ª,** relativa á prevención da transmisión do VIH e de outras ITS.

Exposición de motivos

A prevención da transmisión das infeccións de transmisión sexual forma parte das obrigas do Servizo Galego de Saúde en materia de saúde comunitaria e pública.

Nos últimos tempos diversos países, incluído España, están adoptando pautas en relación á prevención preexposición do VIH a través do tratamento farmacolóxico co antirretroviral emtricitabina/tenofovir.

O Ministerio de Sanidade emitiu unha serie de recomendacións en relación ao uso deste medicamento no marco do Plan Nacional contra o Sida, feito polo que o Grupo Común da Esquerda preguntou á Consellería de Sanidade.

En semanas recentes o Ministerio de Sanidade vén de anunciar o financiamento público para este tratamento para as persoas que cumpran uns requisitos determinados, relacionados co número de parellas ou as prácticas sexuais, entre outras.

Cómpre, polo tanto, como se vai aplicar dita medida en Galicia.

Sen embargo, como non deixaremos de insistir, a profilaxe medicamentosa do VIH non protexe coma é obvio do resto de contaxio de ITS, polo que é razoable a preocupación en torno ao abandono do uso de preservativos nas persoas ás que se lle poidan prescribir dito tratamento. Sobre todo tendo en conta o ascenso da

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

incidencia de ITS.

Polo que parece razoable insistir na necesidade de políticas públicas que fomenten o uso de métodos de barreira.

Ante esta situación, presentamos a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Elaborar unha guía clínica da Consellería de Sanidade dirixida aos e ás profesionais que actualice a información sobre tratamentos e prevención incluíndo a Pprep.

2.- Poñer en marcha un estudo para o posible financiamento de medios profilácticos contra as ITS.

3.- Realizar unha nova campaña publicitaria de prevención do VIH e outras ITS.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2019.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 13:28:07
Nº Rexistro: 58022
Data envio: 23/10/2019 13:28:07.774

GRUPO
COMÚN DA
ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 23/10/2019 13:25:44**

**José Manuel Lago Peñas na data 23/10/2019 13:25:48**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 16:35:27
Nº Rexistro: 58030
Data envío: 23/10/2019 16:35:27.830

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jackeline E. Fernández Macías, Daniel Vega Pérez** e **Rosa Oubiña Solla,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

**Exposición de motivos**

En moitas das comparecencias que se produciron na Comisión de Estudo sobre os incendios forestais, como así o recolle o propio ditame aprobado hai un ano, abordouse a problemática da gran cantidade de parcelas que figuran a nome de persoas ilocalizables ou que directamente teñen un titular descoñecido.

Este é un feito que dificultaba que as diferentes administracións puideran cumprir coas súas obrigas e actuar legalmente sobre este tipo de parcelas,(e no seu entorno), situadas moitas delas nas zonas interface urbano-forestal, dificultando os labores de protección e loita contra os incendios forestais.

A Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, contempla a declaración dos perímetros de alto risco como modalidade para executar actuacións subsidiarias en terreos forestais particulares cuxo estado de abandono supoña un risco especial de incendio forestal.

Estas actuacións son de especial relevancia porque capacitan aos servizos de prevención contra incendios forestais para realizar actuacións preventivas en terreos particulares sen actividade de xestión, pero nos que ata agora non se podía actuar por falla de dispoñibilidade dos terreos, xerándose un problema crecente de risco, favorecendo a propagación do incendio logo de producirse.

Por todo isto, tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 16:35:27
Nº Rexistro: 58030
Data envio: 23/10/2019 16:35:27.830

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que promova a declaración de perímetros de alto risco e realice as actuacións preventivas pertinentes naqueles casos nos que o nivel de risco de propagación do lume sexa elevado".

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 23/10/2019 16:33:04**

**Moisés Blanco Paradelo na data 23/10/2019 16:33:21**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 23/10/2019 16:33:35**

**Raquel Arias Rodríguez na data 23/10/2019 16:33:47**

**Carlos Gómez Salgado na data 23/10/2019 16:34:05**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 23/10/2019 16:34:15**

**Daniel Vega Pérez na data 23/10/2019 16:34:28**

**Rosa Oubiña Solla na data 23/10/2019 16:34:39**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto,** a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No que ten que ver coa atención ás necesidades educativas especiais, este inicio de curso 2019-2020 destacou polas numerosas queixas de ANPAS pola falta de persoal suficiente. Isto revela unha falta de planificación e unha política de releo polo persoal necesario entre centros e Consellería, algo que tamén se comproba no recente informe da Valedora do Pobo, sendo unha das queixas principais no eido do ensino os déficits de atención educativa ás necesidades especiais.

Alén dos casos particulares, o que importa é o balance global: non hai unha planificación das necesidades educativas especiais. Non é certo que todas sexan sobrevidas en cada curso; gran parte das mesmas poden planificarse, porque se detectan á entrada do alumno ou alumna no ensino obrigatorio, no que pasará unha década, como mínimo.

O que hai de fondo é unha total falta de estabilidade laboral no persoal de atención a necesidades educativas especiais, con contratación parcial e compartindo centros, e unha falta de atención de xeito estrutural ás Diversidades no sistema educativo. Non hai tampouco criterios claros de reparto do persoal, dado que a realidade amosa que se vai cubrindo en función das queixas e protestas, deixando, polo tanto, a quen non fai ruído mediático, á súa sorte. A atención plena á diversidade non pode depender de que os pais e nais do alumnado se organicen para reivindicar os dereitos que lles corresponden: a Consellería debe dotarse do persoal suficiente para atender as necesidades educativas especiais en todos os centos do País, tendo en conta as diversas necesidades de cada caso. Non sempre chega 1 persoa coidadora para 5 alumnos/as con necesidades especiais.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 17:21:33
Nº Rexistro: 58033
Data envío: 23/10/2019 17:21:33.801

Tampouco as rateos de profesionais de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe son sempre axeitadas ás necesidades do alumnado.

Así non hai inclusión real; así non vale gabarse de ser a C.A. con ensino máis inclusivo.
Son moitas veces pais e nais quen asumen labores para garantir a inclusión, situación que xa se ten denunciado no curso anterior, en Xinzo de Limia.

Este curso viu nacer unha ANPA específica para alumnado con necesidades educativas especiais (a quen parabenizamos pola iniciativa e a súa loita), na Coruña, nun contexto de falta xeralizada de profesionais de atención en centros desta cidade e comarca.

Exemplos da vergoña, falta de persoal coidador no CEIP María Barbeito e Cerviño, no CEIP Emilia Pardo Bazán, da Coruña, no CEIP Valle Inclán de Oleiros, no CEIP Castrelo do Val ou no CEIP O Coto, de Negreira.

Neste contexto, a Consellería declinou recibir a Confederación de ANPAS galegas –entidade que agrupa a 350 asociacións e engloba a unhas 80.000 familias-, que lles solicitaban unha reunión específica sobre os medios para a atención á diversidade no ensino público. Rexeitouna con argumentos como que "se atopan nun momento de traballo intenso, como cada inicio de curso".

Nós concordamos con esta organización:

"Neste momento a atención á diversidade -a dotación necesaria de profesionais de apoio que faciliten e aprendan a superar as dificultades que a diversidade trae consigo, e falamos de especialistas en Pedagoxía Terapéutica, en Audición e Linguaxe, ou mesmo de persoal Orientador e Coidador, todas elas especialidades básicas para a correcta atención da diferenza, mesmo tamén de profesorado xeral e recursos-, está a caer sistematicamente curso tras curso, as nosas escolas non teñen profesionais abondas para detectar, tratar e apoiar a realidade que atopan nas aulas, estamos abandonando á súa sorte ás persoas que máis nos necesitan porque quen nos mal goberna di que é custoso manter a insuficiente

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 17:21:33
Nº Rexistro: 58033
Data envío: 23/10/2019 17:21:33.801

atención que se lle está a prestar a algunhas persoas, nin moito menos a todas as que o precisan, nos centros escolares públicos".

Avanzar en inclusión e detección temperá é tamén reforzar a rede comunitaria de Atención Temperá, de xeito que chegue a todo o País, e mellorar a coordinación entre servizos sociais, sanitarios e educativos; alén de, no que compete á Consellería de Educación, dotar de máis profesionais os Equipos de Orientación Específica, que tardan moito na diagnose. De feito, unha das denuncias que fai ANPAS Galegas – e que temos constatado nós tamén por queixas de pais e nais – é que "as familias, quen poden canto menos, están derivando inxentes cantidades de diñeiro a gabinetes privados de diagnose, a terapias e tratamentos específicos".

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presentaa seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar, de acordo cos axentes sociais implicados, un Plan Galego de Atención Educativa á Diversidade.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 23/10/2019 17:12:26**

**Luis Villares Naveira na data 23/10/2019 17:12:37**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 18:08:33
Nº Rexistro: 58039
Data envío: 23/10/2019 18:08:33.725

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa ao cumprimento dos acordos parlamentarios relativos ás ameazas de deslocalización da empresa Unitono e o fracaso da Xunta de Galiza para reter os servizos de Naturgy.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de abril de 2019 o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego rexistrou unha batería de iniciativas ao ter coñecemento das ameazas de deslocalización da empresa Unitono de Ourense por derivarse carga de traballo a Reus e Colombia.

O BNG impulsou iniciativas de diversa índole, tamén no Parlamento galego, impulsando no Pleno deste un acordo unánime froito da xenerosidade de todos os grupos o pasado 30 de abril de 2019 co seguinte texto:

*“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego as seguintes actuacións:*

*1.-Realizar as xestións oportunas co fin de determinar as razóns das intencións de deslocalización e a situación da empresa en Ourense e poñer a disposición a colaboración da Xunta de Galicia coa finalidade de manter a actividade da empresa Unitono na súa plataforma situada no Parque Tecnolóxico de Ourense.*



CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 18:08:33
Nº Rexistro: 58039
Data envío: 23/10/2019 18:08:33.725

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*2.- Realizar as xestións con Gas Natural Fenosa-Naturgy a fin de exixir que garanta a carga de traballo necesaria para o mantemento da empresa e dos postos de traballo actualmente existentes.*

*3.-Constituír unha mesa de traballo plural na que se garanta a representación do Comité de Empresa, coa finalidade de desenvolver a colaboración para as actuacións necesarias para asegurar carga de traballo para manter a actividade e os postos de traballo, evitando deste xeito a súa deslocalización.*

*4.- Presentar no actual período de sesións un estudo onde se analice a situación do sector dos centros de chamadas así como as necesidades para garantir a súa viabilidade, o seu futuro e o emprego en Galiza.”*

Ademais de incumprir estes acordos, a Xunta de Galiza continúa coa súa estratexia de ouvidos xordos e de practicar a desregulación. Neste contexto, no día en que se asina esta iniciativa comunícase que en novembro Naturgy abandona a plataforma de Ourense.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a abrir unha liña de negociación directa con Naturgy para que rectifique a súa decisión de levar o servizo de atención ao cliente de Ourense.”

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2019



CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 18:08:33
Nº Rexistro: 58039
Data envio: 23/10/2019 18:08:33.725

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/10/2019 17:49:05**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/10/2019 17:49:12**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/10/2019 17:49:17**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/10/2019 17:49:32**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/10/2019 17:49:46**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/10/2019 17:49:55**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 10:12:19
Nº Rexistro: 58054
Data envío: 24/10/2019 10:12:19.036

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo.**

## Exposición de motivos

A evolución da produción de berberecho en Galicia vén sendo obxecto de intenso estudo durante os últimos anos en Galicia. A afectación da marteilia foi letal para esta produción, que debilitou ao sector marisqueiro de Galicia, especialmente daquelas rías e confrarías con maior volume de recollida habitualmente.

Durante anos, a Xunta de Galicia foi incapaz de ofrecer resultados e información concreta e resolta sobre a situación, que permitira coñecer e prever escenarios futuros. Na actualidade, repuntan os volumes de produto extraído, o cal son boas noticias para o sector. Non en tanto, sería de interese coñecer en maior medida as previsións e predicións da administración que, mediante os diferentes centros de investigación, ten (ou debera ter) coñecemento real do escenario. Esta información sería de interese para confrarías e traballadores/as do sector, que poderían facer mellores previsións para o desenvolvemento da súa tarefa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a expoñer, e trasladar aos grupos parlamentarios e ao conxunto das confrarías de Galicia, os informes de investigación realizados polos centros de investigación autonómicos sobre a produción marisqueira de Galicia, e a previsión para os vindeiros anos, especialmente no caso do referido ao berberecho.

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 10:12:19
Nº Rexistro: 58054
Data envio: 24/10/2019 10:12:19.036

**Julio Torrado Quintela na data 24/10/2019 10:04:09**

**Patricia Otero Rodríguez na data 24/10/2019 10:04:19**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/10/2019 10:04:38**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 10:36:46
Nº Rexistro: 58060
Data envío: 24/10/2019 10:36:46.983

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

## Exposición de motivos

Hoxe tiñamos coñecemento do acontecido en dous centros escolares de Cangas, as garderías de A Choupana e a de O Hío, pertencentes á rede de gardería Galiña Azul dependentes da Consellería de Política Social.

Se ben o venres, no centro de A Choupana advertían xa na primeira quenda de servizo da comida como varios menores sufrían de reaccións alérxicas consistentes en manchas vermellas no corpo, na escola de O Hío acontecía algo similar.

En A Choupana, unha vez advertido o problema, foi retirado na segunda quenda do servizo o menú dese día, comprobándose que os menores nese caso non desenvolveron síntomas algúns.

Dáse a circunstancia de que ambos centros comparten a mesma empresa de cátering.

A pesar da actuación por parte dos técnicos da Consellería de Sanidade para analizar o menú servido e confirmar así cal foi a verdadeira causa desta reacción alérxica que ten sido masiva entre os menores de ambos centros escolares o Grupo dos Socialistas permanece preocupado polos controis que entendemos deberan contar estas empresas de cátering para evitar en todo caso situacións como a que parece ter acontecido en Cangas do Morrazo.

De feito non son novas as incidencias e queixas que os servizos de cátering teñen producido en diferentes puntos de Galicia, tendo que ter actuado a Administración autonómica en varios dos casos.

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 10:36:46
Nº Rexistro: 58060
Data envío: 24/10/2019 10:36:46.983

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar, de maneira urxente, unha investigación sobre os casos de posible intoxicación alimentaria acontecidos nas garderías da Rede Galiña Azul de A Choupana e O Hío en Cangas do Morrazo, para posteriormente realizar un informe sobre a mesma que será trasladado a todos os grupos parlamentarios, e que conteña como mínimo as deficiencias detectadas e un cronograma e orzamento de cara a súa subsanación.

Pazo do Parlamento, 24 de outubro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 24/10/2019 10:33:44**

**Noela Blanco Rodríguez na data 24/10/2019 10:33:55**

**Julio Torrado Quintela na data 24/10/2019 10:34:05**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/10/2019 10:34:14**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 11:34:40
Nº Rexistro: 58065
Data envio: 24/10/2019 11:34:40.677

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**O Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Jaime Castiñeira Broz**, **Jacobo Moreira Ferro, Martín Fernández Prado, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna,** ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

## Exposición de motivos

A automatización dos servizos de xestión: enerxética, seguridade, benestar e comunicación, mediante sistemas informáticos, asi como, a autonomía enerxética das edificacións mediante a aplicación de tecnoloxías, capaces de xerar, almacenar e aforrar enerxía, está a ser un dos obxectivos dos novos proxectos de vivendas.

Por outra banda, estos novos proxectos, deben de contar con espazos accisibles para facilitar a recarga eléctrica de: coches, bicicletas e outros dispositivos de transporte. As azoteas, serán xardíns urbanos en donde a accesibilidade e os paneis solares serán casi unha obriga, todo elo dirixido a conquerir edificios máis sostibles, é dicir, as vivendas do futuro perseguirán o obxectivo de utilizar enerxías renovables e ser parte activa por facer do planeta un lugar máis limpo, sostible e accesible.

Dentro desta sotenibilidade a aposta pola rehabilitación debe de ocupar un espazo destacado, a adaptación das vivendas obsoletas a demanda de hoxe facendo as mesmas máis felxibles, conectadas, sostibles, personalizadas e accesibles, para usuarios que evolucionan e demandan novos servizos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta a elaborar unha guía de vivendas e actuacións para acadar vivendas intelixentes, con especial orientación a mellora dos aspectos de sostenibilidade da vivenda e eficiencia enerxética da mesma".

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 11:34:40
Nº Rexistro: 58065
Data envio: 24/10/2019 11:34:40.677

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 24/10/2019 11:30:17**

**Jaime Castiñeira Broz na data 24/10/2019 11:30:49**

**Jacobo Moreira Ferro na data 24/10/2019 11:31:13**

**Martín Fernández Prado na data 24/10/2019 11:31:32**

**Antonio Mouriño Villar na data 24/10/2019 11:32:11**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 24/10/2019 11:32:37**

**Gonzalo Trenor López na data 24/10/2019 11:32:59**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 24/10/2019 11:33:19**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 13:12:05
Nº Rexistro: 58072
Data envío: 24/10/2019 13:12:05.308

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A illa de San Simón é un espazo de extraordinario valor cultural, natural, histórico e paisaxístico. En 1999 foi declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia, e a illa e a súa enseada forman parte da Rede Natura 2000.

A illa ten un **grande valor simbólico como espazo da memoria histórica galega**: escenario da represión franquista entre 1936 e 1943, foi tamén lugar da loita pola liberdade, da solidariedade e da resistencia democrática fronte ao fascismo.

A páxina web da Xunta de Galicia fai referencia explícita a esta cuestión:

*Un dos obxectivos da Illa de San Simón é o fomento da memoria histórica a través de accións de investigación, análise e divulgación sobre a base do acontecido no arquipélago, que entre 1936 e 1943 foi convertido en cárcere de presos políticos e espazo de represión polo réxime da Ditadura de Franco.*

*Este tráxico pasado ten convertido a San Simón nun símbolo da dignificación das súas vítimas, e no máis axeitado escenario para traballar na recuperación da nosa*

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 13:12:05
Nº Rexistro: 58072
Data envio: 24/10/2019 13:12:05.308

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*historia e afortalar na nosa sociedade os valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos e civís.*

Malia esta declaración de intencións, a realidade é que a partir do ano 2009 desapareceron os contidos e a programación de actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica democrática de iniciativa institucional, de xeito que a única actividade anual que se realiza na Illa relativa a esta temática está organizada polos colectivos memorialísticos galegos.

A ausencia dun plan de usos da illa e dunha programación institucional estábel de iniciativa pública está a provocar de feito a privatización do espazo coa proliferación de actividades organizadas por empresas e de marcado interese comercial.

Un dos últimos exemplos é a que corresponde ao seguinte anuncio, organizada por unha empresa privada e que supón utilizar o interior da illa con un inequívoco ánimo de lucro e con unha actividade ofensiva para as vítimas da represión franquista.

# Un Samaín de miedo, ¡en la isla de San Simón!

La noche del 31 de octubre vive **el Samaín más auténtico en la isla de San Simón**! La magia de esta noche de terror envolverá a la isla, donde disfrutarás de una **ruta guiada** por nuestro escalofriaaante equipo de guías. Además, podrás disfrutar de una **cena en uno de los edificios más emblemáticos de la isla**, para embarcarte después en una **auténtica y aterradora aventura en la que tendréis que superar**



CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 13:12:05
Nº Rexistro: 58072
Data envio: 24/10/2019 13:12:05.308

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**terroríficas pruebas** por la isla ¡lo pasarás de miedo! ¿serás capaz de guiarte por la isla y superar las pruebas? ¿estás preparad@ para gritaaaar?

# Apunta los horarios de las actividades:

Salida desde Vigo: 20:00h.

Regreso desde San Simón: 00:30h. / Llegada a Vigo a las 01:15h.

¡La noche del 31 de octubre vive **el Samaín más auténtico en la isla de San Simón**! La magia de esta noche de terror envolverá a la isla, donde disfrutarás de una **ruta guiada** por nuestro escalofriaaante equipo de guías. Además, podrás disfrutar de una **cena en uno de los edificios más emblemáticos de la isla**, para embarcarte después en una **auténtica y aterradora aventura en la que tendréis que superar**

**terroríficas pruebas** por la isla ¡lo pasarás de miedo! ¿serás capaz de guiarte por la isla y superar las pruebas? ¿estás preparad@ para gritaaaar?

# Apunta los horarios de las actividades:

Salida desde Vigo: 20:00h.

Regreso desde San Simón: 00:30h. / Llegada a Vigo a las 01:15h.

*¡Vente disfrazado y disfruta de la noche más terrorífica del año con nosotros!*

# Tarifas:

Adultos: 30€

Niños de 3 a 12 años: 15€

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Niños de 0 a 3 años: GRATIS

***¡Descuento del 10% si reservas antes del 28 de octubre!***

Para o BNG constitúe unha auténtica ignominia que se organicen estas actividades lúdicas e frívolas nun espazo que foi un lugar de cautiverio, de terror, de fame, de illamento e de morte, o máis terríbel de toda Galiza, no que estiveron encarceradas máis de 6.000 persoas e no que centos de presos morreron de fame, de enfermidade e por asasinatos centos delas.

Non é a primeira vez que se organizan este tipo de actividades. É habitual que empresas privadas desenvolvan na illa procuras do tesouro, festivais, ceas e todo tipo de celebracións e actos lúdicos que non son propios dun espazo con este significado e simbolismo. Acaso alguén imaxina que empresas privadas organicen ceas de Samaín e visitas con probas terroríficas en Mauthausen ou en Auschwitz?

Para o BNG, e para moitos colectivos e persoas comprometidas coa recuperación da memoria histórica, **a Illa de San Simón non pode ser un parque temático recreativo, un parque de atraccións, un camping, nin a illa do tesouro**.

É un lugar histórico, natural e cultural que merece coidado e dinamización. E que debe ser tratado con respecto e sensibilidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza acorda como resolución instar ao goberno galego a



CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Non autorizar o "Samain en San Simón" organizado por unha empresa privada por tratarse dunha actividade ofensiva para a memoria das vítimas da represión franquista e para os miles de persoas que sufriron reclusión, terror e torturas na illa de San Simón, e para os centos que morreron por enfermidades e por asasinatos.

2. Elaborar e aprobar, no prazo máximo de seis meses, un Plan de usos para a illa de San Simón que debe regular os usos e actividades do espazo con seguintes criterios:

- Determinar as funcións do espazo e do equipamento, primando as seguintes: recuperación, divulgación e dinamización da memoria histórica democrática galega e da loita polas liberdades e os dereitos civís; estudo e divulgación da historia das illas e da súa contorna; valores paisaxísticos e ambientais do conxunto.

- Desenvolver uha programación anual de actividades de iniciativa pública, con especial atención á recuperación da memoria histórica democrática.

- Promover as visitas escolares e didácticas ao espazo, salientando os seus valores históricos, ambientais e culturais e a súa función como lugar simbólico da memoria histórica democrática.

Este plan de usos deberá elaborarse coa participación, cando menos, dos concellos da contorna e das asociacións da memoria histórica, e será sometido a debate e aprobación no Parlamento.

3. Declarar a Illa de San Simón como Illa da Memoria.

4. Restrinxir, no interior da illa, as actividades que sexan ofensivas para a memoria das vítimas da represión. Para determinar este tipo de actividades realizarase



CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha consulta coas asociacións galegas da memoria histórica e coas familias das persoas que estiveron presas no lugar.

5. Potenciar o carácter público do espazo, a súa condición de BIC e de parte da Rede Natura, e, en consecuencia, evitar a tendencia á privatización do uso e prohibir expresamente a realización no interior da illa de actividades con claro interese lucrativo."

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Montserrat Prado Cores**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2019 12:55:19**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 13:12:05
Nº Rexistro: 58072
Data envio: 24/10/2019 13:12:05.308

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2019 12:55:24**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2019 12:56:36**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2019 12:56:45**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 24/10/2019 12:56:52**

**Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2019 12:56:59**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 13:46:54
Nº Rexistro: 58093
Data envio: 24/10/2019 13:46:54.524

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa as demandas dun convenio colectivo digno para @s investigadores/as dos institutos de investigación biomédica de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os institutos de investigación biomédica de Galiza son estruturas organizativas de promoción e desenvolvemento da investigación nos hospitais. Constituísen como espazos multidisciplinares, co obxectivo de promover a investigación translacional e a innovación, para así garantir a aplicación efectiva dos resultados para beneficio das/os cidadáns.

O valor do seu traballo, a través da aplicación clínica, aporta importantes beneficios sobre a saúde das persoas.

@s presidentes/a dos comités de empresa das Fundacións Biomédicas de investigación sanitaria de Galiza: Fundación Biomédica Galicia Sur, Fundación Prof. Nóvoa Santos e Fundación IDIS reuníronse cos diferentes grupos parlamentares para expoñernos a situación laboral que padece o persoal e en demanda de apoio para que a consellaría de Sanidade acepte negociar un convenio colectivo digno.



CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 13:46:54
Nº Rexistro: 58093
Data envio: 24/10/2019 13:46:54.524

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trasládannos que este convenio atinxe a máis de 500 traballadores/as que a día de hoxe non teñen unha norma propia que regule nin as súas condicións laborais, nin as súas obrigas profesionais. Esta situación impide un correcto desenvolvemento da carreira investigadora en Galiza e dignificar as condicións laborais actuais e pon en perigo a captación do talento que non se retén pola falta de interese da consellaría de Sanidade.

@s representantes do persoal das fundacións denuncian ademais que mentres a consellaría se gaba do alto valor da investigación científica en Galiza e dos beneficios que isto reporta para os avances da medicina e a súa aplicación clínica para a saúde da poboación, condena @s profesionais a unhas condicións de inestabilidade e precariedade, en xeral.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-- Desbloquear a negociación do convenio colectivo d@s Fundacións Biomédicas de investigación sanitaria de Galiza: Fundación Biomédica Galicia Sur, Fundación Prof. Nóvoa Santos e Fundación IDIS.

-- Abrir unha negociación para un convenio colectivo digno en base á realidade existente en Galiza e para todas as categorías.

-- Designar representante da Consellaría de Sanidade para esta negociación que teña capacidade de decisión.”



CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2019 13:35:13**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2019 13:35:26**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2019 13:35:31**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2019 13:35:43**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 24/10/2019 13:35:50**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 13:46:54
Nº Rexistro: 58093
Data envio: 24/10/2019 13:46:54.524

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2019 13:35:58**



CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 18:26:02
Nº Rexistro: 58103
Data envio: 24/10/2019 18:26:02.818

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á afirmación realizada polo Presidente da Xunta a respecto dunha nova ambulancia para o Deza, situada en Lalín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Presidente da Xunta na sesión de control celebrada no Parlamento Galego o día 23 de outubro, afirmou textualmente que "haberá unha nova ambulancia no Deza, situada en Lalín" "está adxudicado desde o mes de setembro".

No Prego de Cláusulas Administrativas para a Contratación do Servizo de Transporte Urxente Sanitario Terrestre para a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, consta no "lote 12 Área de transporte sanitario urxente de Santiago unha (1) ambulancia AA-SUB CLASE B 24 horas, con ubicación base en Lalín con zona de cobertura Agolada, Dozón, Lalín e Rodeiro, coincidindo exactamente coa xa existente.

Na resolución da adxudicación asinada con data 24 de setembro de 2019 á UTE Casablanca y Otros, sen que se estableza ningunha modificación a respecto do prego de cláusulas administrativas.



CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 18:26:02
Nº Rexistro: 58103
Data envio: 24/10/2019 18:26:02.818

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas é polo que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a presentar no Parlamento de inmediato un informe no que conste toda a información relativa á nova ambulancia no Deza situada en Lalín, no que conste: a súa adxudicación, cando e onde costa a modificación do Prego de Cláusulas administrativas ampliando as que estaban inicialmente, cales son as súas características técnicas, tipo de ambulancia, número de profesionais destinad@s á mesma, horas que vai estar operativa,..."

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2019 18:16:54**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2019 18:17:02**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2019 18:17:08**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2019 18:17:15**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 24/10/2019 18:17:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2019 18:17:29**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 18:26:49
Nº Rexistro: 58107
Data envío: 24/10/2019 18:26:49.928

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de que a Xunta de Galiza garanta un servizo sanitario de Atención Primaria digno para o Concello da Teixeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro de 2019 tívose coñecemento de que o médico que viña atendendo de forma ordinaria o Centro de Saúde da Teixeira toda vez que esta se incorpora a partir do 26 de outubro a centro tras conseguir a praza.

Para o BNG feitos como que no momento de asinar esta iniciativa non estea confirmado que outra ou outro facultativo vaia substituír esa persoa durante a totalidade da súa xornada é un feito grave. Malia que o propio médico en orixe ten comunicado á veciñanza a súa intención de solicitar, se é posíbel, unha comisión de servizos e mesmo o alcalde do Concello manifestou en declaracións á prensa a súa intención de pedir que este asunto se axilice, esta conduta irresponsábel por parte da Xunta de Galiza non parece un bo indicador.

Nestes momentos a alternativa que fornece o SERGAS é que o médico de Parada de Sil se desprace para unha atención menor durante unhas escasas horas.



CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 18:26:49
Nº Rexistro: 58107
Data envío: 24/10/2019 18:26:49.928

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego manifesta a súa preocupación por este asunto e defende que o Concello da Teixeira debe ter un médico ou médica a tempo completo no seu Centro de Saúde sen que se acabe obrigando á poboación a desprazarse para cuestións básicas até Castro Caldelas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza adoptar as medidas necesarias para garantir a cobertura permanente do servizo médico do Concello da Teixeira sen minorar o seu persoal nin o horario de atención e evitando o desprazamento da poboación a outros concellos"

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2019 18:26:49
Nº Rexistro: 58107
Data envío: 24/10/2019 18:26:49.928

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2019 18:24:54**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2019 18:25:02**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2019 18:25:08**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2019 18:25:15**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 24/10/2019 18:25:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2019 18:25:29**

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGzTD70nVcS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/